

**BASES POLAS QUE SE REGULA A CONCESIÓN EN RÉXIME DE
CONCORRENCIA COMPETITIVA DE SUBVENCIÓN DESTINADA
AOS PARTICIPANTES NO CONCURSO DE**

**IV PREMIO DE POESÍA FLORENCIO DELGADO
GURRIARÁN.**

O Concello de Vilamartín de Valdeorras co patrocinio da Deputación de Ourense e en cooperación co Proxecto As Letras de Florencio convoca o premio de Poesía Florencio Delgado Gurriarán.

Esta iniciativa, que se insire dentro dos actos de homenaxe ao autor e de difusión de súa figura e obra, ten por finalidade fomentar a escrita de textos poéticos en lingua galega así como a difusión dos seus autores e autoras.

PRIMEIRA: OBXECTO DA SUBVENCIÓN

É obxecto das presentes bases a concesión dun premio-subvención ao gañador ou gañadora do concurso “IV Premio de Poesía Florencio Delgado Gurriarán”.

SEGUNDA: PREMIO E CONSIGNACIÓN PRESUPUESTARIA

O concurso resolverase nun único premio de 3000€ (TRES MIL EUROS), figuran incluídos nesta cantidade todos os impostos que lle sexan de aplicación. Estando este premio está suxeito á retención fiscal establecida na lexislación vixente.

TERCEIRA: CONDICIÓN E REQUISITOS DOS PARTICIPANTES

1. Os textos presentados deberán estar escritos en lingua galega.
2. Enténdese por texto poético, a poesía ou composición literaria en verso, unitaria, en ningún caso se aceptarán poemarios ou conxuntos de textos poéticos.
3. Os orixinais presentados deberán ser textos orixinais e inéditos. Non poderán concorrer textos premiados, presentados simultaneamente a outros certames ou textos que manteñan compromisos editoriais de publicación.
4. Os textos serán de temática e forma libre, cun mínimo de 15 versos e un máximo de 90 versos.
5. Poden presentar escritos todas as persoas que o desexen, agás aquelas que xa foran premiadas nas cinco anteriores convocatorias. As persoas participantes deberán cumprir os requisitos xerais da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, alén do especificado nestas bases.

6. Cada persoa pode presentar ata un máximo de 3 textos a concurso, sempre e cando cumpran os requisitos aquí descritos.
7. O Concello de Vilamartín de Valdeorras considera o premio un adianto polos dereitos de autoría e resérvase o dereito de publicación e de difusión dos textos a través do medio que considere oportuno.
8. Os traballos non premiados serán gardados no arquivo para posibles traballos de análise e investigación, máis nunca para a súa publicación sen permiso previo (asinado no mesmo ano natural) dos/as propietarios/as.
9. No caso de ser premiado, o/a gañador/a comprométese a declarar baixo a súa responsabilidade o carácter inédito e non premiado da súa obra; así como o seu total sometemento ás bases do concurso.
10. O/a gañador/a, e os finalistas, aceptan pórse a disposición da organización do concurso para a promoción e difusión do premio e da obra inédita. De forma específica asistirán aos Actos de Entrega propostos pola organización salvo causa de forza maior.
11. A persoa gañadora autoriza o tratamento de datos persoais e a súa inclusión nun ficheiro xestionado polo Concello de Vilamartín cunha finalidade estatística. A persoa poderá exercitar en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición recoñecidos na Lei Orgánica 15/1999 mediante correo electrónico a concello.vilamartin@eidolocal.es ou mediante correo ordinario a Concello de Vilamartín de Valdeorras, Avenida da Constitución Nº 8, 32340. Vilamartín de Valdeorras (Ourense).

CUARTA: PRESENTACIÓN DE TEXTO E INSCRICIÓN NO CONCURSO.

- A inscrición no concurso realizarase preferiblemente por vía electrónica a través da Sede Electrónica do Concello de Vilamartín de Valdeorras (<https://vilamartindevaldeorras.sedelectronica.gal/>) a través do formulario de Instancia xeral. Deberanse enviar o Anexo I, debidamente cuberto, un breve currículo literario (10 -30 liñas) e máis o texto ou textos que se presentan a concurso como documentos anexos.
- Opcionalmente poderanse presentar a inscrición en persoa en calquera dos lugares e rexistros establecidos na norma reguladora do procedemento administrativo común ou ben a través do correo postal. No caso de elixir a opción de correo postal, deberase enviar un sobre que conteña: Sobre Nº 1: copia da obra.

Sobre Nº 2: Anexo I debidamente cuberto, copia do documento de identificación (DNI, Pasaporte, Tarxeta de residencia ou similar) e breve currículo literario.

O enderezo onde deberá ser enviado é o seguinte, indicando:

IV PREMIO DE POESÍA FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN.

Concello de Vilamartín de Valdeorras

Concellaría de Cultura e Educación

Avda. da Constitución, 8

32340 - Vilamartín de Valdeorras

Ourense

QUINTA: PRAZO DE PRESENTACIÓN

O Prazo improrrogable de presentación dos textos será ata o 29 de setembro de 2022 seguindo as indicacións xa explicadas.

O prazo de presentación das obras comezará a partir do día seguinte da súa publicación.

SEXTA: PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA

As presentes Bases serán dadas a coñecer a través da páxina web do Concello de Vilamartín de Valdeorras, da Páxina web do Proxecto As Letras de Florencio, nun anuncio inserido na prensa local e comarcal, así como no Boletín Oficial Provincial de Ourense (BOP).

SÉPTIMA: O XURADO

O xurado do Premio será seleccionado pola Comisión de Planeamento do Proxecto As Letras de Florencio e designado polo Concello de Vilamartín de Valdeorras mediante Decreto de Alcaldía. Este estará integrado por personalidades da literatura galega e a persoa gañadora da edición anterior.

As funcións dos membros do xurado serán:

- Ler e valorar a calidade literaria das obras presentadas no marco desta convocatoria.
- Asistir ás reunións telemáticas convocadas para a resolución do premio.

- Asistir ao acto e entrega oficial do IV Premio de Poesía de Florencio Delgado Gurriarán que se celebrará en Valdeorras no mes de outubro.

A publicación dos integrantes do xurado farase un mes despois da publicación das presentes Bases do Concurso.

O xurado resérvase o dereito a declarar nulo o concurso no caso de que os textos presentados non reúnan méritos suficientes ou que os textos non se axusten ás condicións establecidas na convocatoria.

OITAVA: PRAZO DE RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN

a) O 17 de outubro do ano en curso o xurado resolverá o premio facéndose público o nome dos ou das finalistas. O gañador/gañadora coñecerase na Gala de entrega de Galardóns.

b) O fallo do Xurado farase público na web municipal www.vilamartindevaldeorras.es, na páxina web www.asletrasdeflorencio.gal, sen prexuízo de que se poida comunicar a través doutras canles de comunicación.

c) A partir da data de publicación do fallo, os autores que fosen propostos terán que presentar, no prazo máximo de 10 días naturais, escrito no que comuniquen a súa aceptación conforme ao modelo previsto no anexo I e documento xustificativo da entidade bancaria da posesión da conta bancaria onde recibirá o pagamento. En caso de non aceptar dentro do referido prazo quedará sen efecto o premio proposto, pasándose a premiar o/a seguinte mellor clasificado.

d) O fallo do Xurado deberá ser aprobado por resolución de Alcaldía, que resolverá o procedemento previa comprobación de que a premiada ou o premiado se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias co Concello e previo ditame da Comisión correspondente.

En Vilamartín de Valdeorras

O Alcalde

Enrique Álvarez Barreiro

Asinado dixitalmente na marxe

ANEXO I

INSCRICIÓN CONCURSO DE POESÍA FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN 2022.

DATOS DO AUTOR:

NOME:

APELIDOS:

DNI: DATA DE NACEMENTO:

ENDEREZO, RÚA:

NÚMERO: PISO:

CÓDIGO POSTAL: LOCALIDADE:

TELÉFONO DE CONTACTO:

EMAIL:

DATOS DA OBRA PRESENTADA:

TÍTULO:

NÚMERO DE VERSOS: NÚMERO DE PÁXINAS DO DOCUMENTO:

NÚMERO DE TEXTOS PRESENTADOS A ESTE CONCURSO:

DECLARO:

(marcar cun X o que proceda)

- Acepto as Bases do Concurso
- O texto presentado cumpre as normas especificadas nas Bases do Concurso do Premio de Poesía Florencio Delgado Gurriarán 2022
- Cedo os meus datos persoais ao Concello de Vilamartín de Valdeorras.

En _____, a ____ de _____ de 2022.

SINATURA do participante

Concello de Vilamartín de Valdeorras

ANEXO II

ACEPTACIÓN DO PREMIO

“IV PREMIO DE POESÍA FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN”

D^a. _____, con DNI nº _____ Participante no IV
PREMIO DE POESÍA FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN, con domicilio en
_____, e teléfono

_____ **DECLARO:**

(marcar cun X o que proceda)

- Acepto o premio proposto.
- Que non me atopo en circunstancia ou prohibición das previstas na lexislación vixente para ser beneficiario de subvencións.
- Declaro que me atopo ao corrente das miñas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e co Concello de Vilamartín, impostas pola lexislación vixente.

En _____, a ____ de _____ de 2022.

SINATURA do solicitante